

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A UNIVERSIDADE DE VIGO (UVIGO) PARA A REALIZACIÓN DA FASE DE PRÁCTICUM DO MÁSTER EN NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO (MUNEAE).

MEMORIA DE TRANSPARENCIA

Eu, como director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

DECLARO:

Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten a vontade de asinar un convenio de cooperación educativa coa Universidade de Vigo, para a realización da fase de prácticum do Máster en necesidades específicas de apoio educativo (MUNEAE).

Razóns de oportunidade

Que a Consellería ten a vontade de formar profesionais que sexan capaces de abordar a diversidade en contornos educativos de maneira integral e efectiva.

Que a UVIGO, pola súa parte, como institución dedicada a actividades de docencia, investigación e desenvolvemento científico e técnico ten, así mesmo, a vontade de colaborar na formación destes profesionais docentes para que poidan aplicar estes coñecementos o seu labor docente. A dita preocupación materialízase no seu actual Plan estratéxico (2021-2026) no que se fixa como un dos seus obxectivos estratéxicos “definir e poñer en marcha unha política integrada de responsabilidade social que englobe a cooperación internacional, o voluntariado, a igualdade, a sostibilidade e a atención á diversidade”.

Que o Real decreto 592/2014, de 11 de xullo (BOE do 30 de xullo) regula as prácticas académicas externas das e dos estudantes universitarios.





Que a UVIGO imparte o Máster en necesidades específicas de apoio educativo (MUNEAE). O seu carácter oficial estableceuse por Acordo do Consello de Ministros do 15 de abril de 2011 (publicado no BOE do 11/05/2011 por Resolución da Secretaría Xeral de Universidades do 26/04/2011). Este máster consta de dúas fases de prácticas externas: o Prácticum I de 60 horas e o Prácticum II de 150 horas, que se levan a cabo en entidades e institucións que prestan servizos de atención á diversidade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a subscripción dun contrato dos recollidos no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

E para dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimo xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras. asino dixitalmente esta memoria, na data da sinatura dixital.

